

Dende o 14 de outubro ata o 2 de decembro está aberto o prazo para presentar propostas de comunicación para o próximo VIII Congreso Ganimedes, que se celebrará na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela entre o 4 e o 6 de marzo de 2020. Como vén sendo habitual nos Congresos da Asociación Ganimedes, poderán presentar os seus traballos de investigación tanto **doutorandas/os**, como **alumnas/os de Mestrado e Grao**, sempre e cando as súas contribucións sexan orixinais, inéditas e cientificamente aceptábeis. O congreso estará articulado arredor das seguintes áreas temáticas:

- Lingüística grega, latina e indoeuropea
- Literatura grega e latina
- Crítica textual de textos antigos
- Tradición Clásica e Humanismo.

O comité científico do VIII Congreso Ganimedes propoñerá que as contribucións aceptadas se presenten como **comunicación** ou como **póster**. As mesas constarán de catro comunicacións de **15 minutos** de duración por cada participante, ás que lle seguirá unha quenda de preguntas e debate doutros 15 minutos. Os **pósteres** estarán expostos durante o congreso nun espazo habilitado para tal fin e reservase un horario determinado para a explicación dos mesmos por parte das súas autoras e autores.

Así mesmo, durante o congreso haberá ocasión de asistir a **tres relatorios** plenarios a cargo de importantes especialistas vinculados coa Universidade de Santiago de Compostela e que terán relación coa Lingüística indoeuropea, a Lingüística grega e a Literatura latina e medieval.

Para realizar unha inscrición como comunicante, a persoa interesada deberá remitir o formulario correspondente, debidamente cumprimentado ao correo electrónico viiiiganimedes2020@gmail.com **antes do día 3 de decembro de 2019**. O comité Organizador trasladará ao Comité Científico da Asociación as propostas de comunicación recibidas e informarase puntualmente ás investigadoras e investigadores da admisión dos seus traballos. Unha vez consignado o **pago de 30€ para a comunicación e de 20€ para a presentación de póster en concepto de inscrición**, deberase remitir o recibo bancario por correo electrónico ás organizadoras e organizadores para **confirmar a súa asistencia**.

Finalmente, informarase coa debida antelación sobre o calendario definitivo do congreso, no que figurarán a organización das mesas temáticas cos seus respectivos horarios, investigadoras/es e os títulos de comunicación.

* * * *

Toda persoa interesada nos Estudos Clásicos pode asistir libremente aos Congresos da Asociación Ganimedes. Para obter un **certificado de asistencia**, será preciso inscribirse como oínte enviando o formulario correspondente a viiiiganimedes2020@gmail.com, e pagando unha **cota de 5€** na conta bancaria da Ganimedes. As tres modalidades de pago existentes (comunicación, póster e asistente) dan dereito a ser socia/o de Ganimedes durante un ano.

Desde el 14 de octubre hasta el 2 de diciembre está abierto el plazo para presentar propuestas de comunicación para el próximo VIII Congreso Ganimedes, que se celebrará en la Facultad de Filología de la Universidade de Santiago de Compostela entre el 4 y el 6 de marzo de 2020. Como viene siendo habitual en los Congresos de la Asociación Ganimedes, podrán presentar sus trabajos de investigación tanto **doctorandas/os**, como **alumnas/os de Máster y Grado**, siempre y cuando sus contribuciones sean originales, inéditas y científicamente aceptables. El congreso se articulará alrededor de las siguientes áreas temáticas:

- Lingüística griega, latina e indoeuropea
- Literatura griega y latina
- Crítica textual de textos antiguos
- Tradición Clásica y Humanismo.

El comité científico del VIII Congreso Ganimedes propondrá que las contribuciones aceptadas se presenten como **comunicación** o como **póster**. Las mesas constarán de cuatro comunicaciones de **15 minutos** de duración por cada participante, a las que seguirá un turno de preguntas y debate de otros 15 minutos. Los **pósteres** serán expuestos durante el congreso en un espacio habilitado para ello y se reservará un horario determinado para la explicación de los mismos por parte de sus autoras y autores.

Asimismo, durante el congreso habrá ocasión de asistir a **tres ponencias** plenarias a cargo de importantes especialistas vinculados a la Universidade de Santiago y que tendrán relación con Lingüística indoeuropea, Lingüística griega y Literatura latina y medieval.

Para realizar una inscripción como comunicante, la persona interesada deberá remitir el formulario correspondiente, debidamente cumplimentado, al correo electrónico viiiGANIMEDES2020@gmail.com **antes del día 3 de diciembre de 2019**. El Comité Organizador trasladará al Comité Científico de la Asociación las propuestas de comunicación recibidas y se informará puntualmente a los investigadores de la admisión de sus trabajos. Una vez consignado **el pago de 30€ para comunicaciones y 20€ para la presentación de póster en concepto de inscripción**, se remitirá el recibo bancario por correo electrónico a las organizadoras y organizadores para **confirmar su asistencia**.

Finalmente, se informará con la debida antelación sobre el calendario definitivo del congreso, en el que figurarán la organización de las mesas temáticas con sus horarios, investigadoras/es y títulos de comunicación.

* * * *

Toda persona interesada en los Estudios Clásicos puede asistir libremente a los Congresos de la Asociación Ganimedes. Para obtener un **certificado de asistencia**, será preciso inscribirse como oyente enviando el formulario correspondiente a viiiGANIMEDES2020@gmail.com, y pagando una **cuota de asociado de 5€** en la cuenta bancaria de Ganimedes. Las tres modalidades de pago existentes (comunicación, póster y asistente) dan derecho a ser socia/o de Ganimedes durante un año.